



A quen corresponda,

A FUNDACIÓN VICENTE RISCO vén realizando as Xornadas Romasanta durante XI edicións, a última das cales, celebrada coa Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Ourense, os días 29 e 30 de outubro de 2022, abordou a figura de Manuel Blanco Romasanta desde as artes escénicas.

No marco destas xornadas representouse no Teatro Principal de Ourense a obra “Malnacido”, da compañía de teatro murciana “Los Menos Teatro”, con moi boa acollida polo público e cun teatro foro a continuación cunha moi boa participación.

Consideramos que “Los Menos Teatro” é unha compañía seria e solvente, tanto no plano material como no artístico, e que o resultado da súa proposta é máis que satisfactorio, configurándose como unha excelente reflexión acerca do personaxe e todas as derivadas que se deducen e que ofrecen unha magnífica oportunidade de pensar nalgúns dos problemas do noso tempo, tales como as cuestións de identidade ou o *bulling*, por citar dous exemplos.

En definitiva, consideramos moi recomendábel a devandita obra de teatro, coincidente cun dos nosos obxectivos estatutarios, o de divulgar a obra de Vicente Risco, polo que a apoiamos expresamente, polo que a apoiamos expresamente e valoramos o esforzo que dunha compañía de fóra de Galiza por achegarse de forma respectuosa á nosa cultura.

E para que conste para todos os efectos, asínase a presente.

Asdo.: Xosé Rodríguez Díaz  
Secretario da FVR